

Viaxe polo Museo das Mariñas (Betanzos)

Alfredo Erias

O Museo das Mariñas, de Betanzos (A Coruña) é de titularidade municipal. Ubícase no edificio do exconvento de Sto. Domingo (s. XVII-XVIII), desamortizado no s. XIX e que pasou ó concello logo. Foi inaugurado no 1983 e reinaugurado no 1993, despois dunha rehabilitación integral do edificio.

Cando entramos, recíbenos unha chamada Oficina de Información en forma de templete de sabor clásico, que se me ocorreu deseñar no seu momento e que realizou un



Figura 1

dos poucos e estupendos vellos carpinteiros que aínda quedan na cidade, Rafael Vicente Teijo. Aquí danse as entradas correspondentes, pero tamén se poden ver e mercar numerosas publicacións municipais, empezando polo Anuario Brigantino.

Pasamos outra porta e, de fronte, atopámonos coa imaxe sepulcral dun home de barba trezada, que representa moi probablemente un médico de mediados ou da segunda metade do s. XIV, quizais o médico persoal de Fernán Pérez de Andrade. Viste unha garnacha doutro tempo, do s. XIII, que fai as funcións de vestimenta de prestixio. Curiosamente, os seus paralelos atopámoslos, sobre todo, en sepulcros cataláns.

Logo de pasar por un espacio adicado á Xeografía Histórica, chegamos á zona dos sepulcros do pobo, aínda que, en xeral, remiten a burgueses de gran poder. Aquí destaca o sepulcro de Afonso de Carvallido, “mercador”, o único líder dos irmandiños que vemos no seu sepulcro en Galicia (fig. 1). Aparece no pleito Tabera-Fonseca reiteradamente como “Alcalde de Hermandad” na última e máis importante guerra irmandiña, a de 1467-69. Resulta curioso que mentres se fai aparecer como “mercador” o seu sepulcro, con escudos, e el mesmo con espada, remite a esquemas nobiliarios.

Á súa beira está o sepulcro da súa dona, Clara Sanches que, do mesmo xeito, imita ó sepulcro, un século anterior, de Sancha Rodríguez, muller de Fernán Pérez de Andrade. Manto en tres cuartos, brial, colar e o espectacular “rollo”



Figura 2

de bandas de tea son os elementos dunha moda que se reproduciu moitas veces en Galicia (nas provincias da Coruña e Pontevedra) ó longo dun século (desde os anos 70 do s. XIV), por imitación precisamente de Sancha Rodríguez.



Figura 3

Outros sepulcros desta zona son o dun notario, o dun xurado o dunha muller sen imaxe, ademais de anacos doutros.

Pasamos ó estamento da nobreza co recente achádego da lauda de “Gunçalvo Rodrigues”, de 1462, na que se representa o seu escudo e o can fidel. e, acto seguido, vemos a lauda de quen supoñemos é Nuño Freyre de Andrade, Maestre da Orde de Christus en Portugal (s. XIV) (fig. 2) así como boa parte do sepulcro da súa cuñada, a xa aludida muller de Fernán Pérez de Andrade, Sancha Rodríguez. É este un dos achádegos máis importantes que se deron nos últimos tempos, precisamente como consecuencia da montaxe do Museo. Na igrexa de San Francisco aínda se conserva parte da lauda desta muller na que se adiviña a herdanza da moda das raíñas de Castela.

Os anacos dun gran cabaleiro armado (reconstruído en debuxo), similar a Aras Pardo, o de Betanzos, e os restos do mosteiro gótico de San Francisco lévannos ó estamento do Clero. Aquí vemos a lauda dun crego do s. XV, pero o máis sorprendente é a estatua dun Santiago Pelegrín do s.

XIV (fig. 3), a representación máis antiga desta figura en Galicia, que remite a modelos do s. XIII representados nas Cantigas de Alfonso X.

E como o mundo do clero non deixa de representar imaxes herdadas do Imperio Romano (entre elas a imaxe de Deus en forma de Xano na clave de bóveda do ábside da igrexa de Santa M.^a do Azougue), pasamos logo cara atrás a través de distintas pezas como o sepulcro de Paleo, a ara de Fervenzas ou as estelas funerarias de Recebés, de Mazarelas e de Espenuca (estas dúas últimas en valeirado).

Rematamos o corredor baixo no medio de maquetas dunha casa rural, e outras que nos introducen ó mundo dos traballos e oficios campesiñas ancestrais: un lagar tipo Plinio, lagaretas, etc. e a cestería conta coas obras do último cesteiro de Betanzos, Manuel Lauda. Pola súa banda, os traballos que levan ó pan representáanse por muiños castrexos, apeiros da sembra e da malla, cribos, peneiras e mesmo as vellas rateiras de pao.

Subimos as escaleiras monumentais á beira de cabaleiros dos ss.

XV e XVI: Fernán Pérez de Andrade “o mozo”, o seu fillo Diego de Andrade e o fillo deste, Fernando de Andrade. Como son valeirados ocorreuséme policromar algúns deles con obxecto de incrementar as virtualidades pedagóxicas das pezas. Hai que ter en conta ademais que Fernán e Diego eran inimigos dos irmandiños, polo que este Museo conserva como ningún outro as imaxes dos contendentes desas guerras do s. XV, permitindo facer un discurso próximo ás facianas daquela xente.

Entramos na Sala do Traxe onde vemos traxes populares de boa parte de Galicia e outros da burguesía betanceira dos ss. XVIII-XIX, así como as ferramentas dun vello xastre da cidade, ademais de aderezos, sombreiros, paraugas, etc.

Saímos ó corredor alto e sorprendémonos nada menos que coa Bandeira do Goberno Republicano Español no Exilio (París) (fig.4), que nos chegou a través da viúva de Javier Alvajar López, home que fora Presidente da Delegación do Consello de Gaiza en París, que fundara alí a Casa de Galicia e que, entre outros cargos nese Goberno fora Secretario do “Ministerio de Información, Propaganda y Archivos” (1959-65) e Secretario da Presidencia (1967-69), rematando por ser na era democrática Alcalde de Carral. Acompañan á Bandeira algúns documentos dese Goberno, representativos doutros máis que se gardan no Arquivo Municipal de Betanzos.

Nesta área simbólica está tamén a Bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos (1918) (fig. 4), o tambor

dos bandos (1844), o busto de Castela do Centro Betanzos de Buenos Aires, unha colección de retratos de alcaldes da cidade, outros de benefactores e persoeiros da comarca, etc.

Seguimos andando e vemos o relox antigo da “Torre do Reló”, feito por Lombardero e datado no 1757 e chegamos a un conxunto de pinturas, fotografías e debuxos de Francisco J. Martínez Santiso (1868-1934) para desenvolver no espazo adicado ó Globo de Betanzos, un símbolo de Betanzos, supervivente dos vellos globos aerostáticos, tipo Montgolfier, que se empezaron a lanzar no s. XVIII e que aquí xa se documentan desde o 1814.

Máis aló atopáronos co proxección cinematográfica máis antigo de Galicia e logo descubrimos o mundo das Antigas Escolas, con mapas, libros, elementos de museos escolares desaparecidos (como as espectaculares mandíbulas de balea), vellos pupitres, antiga bandeira con cimeira masónica, etc. e despois entramos na sala da Fundación Jimé-




Figura 4

nez-Cossío integrada por bordados, encaixes, abanicos e demais dos ss. XVI-XIX.

O corredor norte lévanos polo medio de obxectos etnográficos (pesas e medidas, teares, rodas de fiar...) E pasamos á sala do Apostolado da Escola de Rubens: 13 cadros ó óleo sobre táboa que trouxeron de Amberes os fundadores do hospital de San Antonio no s. XVII e que se complementan con outro Apostolado, en gravado, tamén de Amberes e do mesmo século, doado recentemente pola Profesora da Universidade de Leyden, Mireille Madou.

Remataremos a visita cun percorrido polo devir urbanístico da cidade, a través de maquetas, debuxos e fotografías, desde que fora o Castro de Untia ata os nosos días. Por último, se fai bo tempo, aínda poderemos descansar no patio do convento, coa vista da preciosa torre barroca da igrexa de Santo Domingo ó fondo e rodeados por cipreses, flores e o eterno canto dos paxaros.

Logo, cando saiamos, poderemos disfrutar dunha das máis fermosas prazas de Galicia, o vello Campo da Feira, e adentrarnos na cidade medieval amurallada. Pasearemos as súas rúas, visitaremos as igrexas góticas e, finalmente, tomaremos unha tortilla, un pouco de queixo e xamón e un bo viño de Betanzos (tampouco hai que esquecer a famosa augardente) nalgunha das vellas bodegas que se distinguen ben por ter un ramallo de loureiro na porta. Estou seguro que o viaxeiro voltará algún día a lembrar esta viaxe única pola historia dunha das máis antigas poboacións de Galicia.